

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza


## Á Mesa do Parlamento

**Bieito Lobeira Domínguez**, deputada do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta**, para a súa resposta escrita, relativa á deturpación da toponimia galega que realiza o Instituto Cervantes.

O Instituto Cervantes é unha institución pública criada polo Estado español en 1991 para a promoción e o ensino da lingua española e para a difusión da cultura española e hispanoamericana. É curioso comprobar como este Instituto, vinculado por tanto á defensa e exaltación da lingua española, e cun orzamento anual superior aos 100 millóns de euros, permítese o luxo de se situar fóra da legalidade vixente no tocante ao respecto ao idioma galego e, singularmente, no que ten a ver coa toponimia galega, á que se deturpa e españoliza en publicacións oficiais e no seu Centro Virtual.

Así, por exemplo, “Mellid”, “El Cebrero”, “Palas de Rey”, ou “Finisterre”, son exemplos de barbarización toponímica que figuran no apartado do Centro Virtual Cervantes relacionado co Camiño de Santiago.

É intolerábel que a estas alturas haxa institucións públicas que, como o Instituto Cervantes, vulneren a legalidade lingüística sen reparo algún. E este feito, aínda sendo recorrente, non pode ser asumido con naturalidade polo Goberno de Galiza.



OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 24/06/2009 09:30**  
**Nº Rexistro: 03390**

Data envío: 23/06/2009 19:00:17.498

Estas son as razóns que levan ao BNG a formular as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1.<sup>a</sup>) Que avaliación realiza a Secretaría Xeral de Política Lingüística sobre o reiterado incumprimento da legalidade toponímica referida a Galiza por parte do Instituto Cervantes?

2.<sup>a</sup>) Que medidas adoptará por este motivo perante o Instituto Cervantes?

Santiago de Compostela, 23 de xuño de 2009.

Asdo.: Bieito Lobeira Domínguez

Deputado do G.P. do BNG.

**Asinado dixitalmente por:**

**Bieito Lobeira Domínguez na data 23/06/2009 18:51:01**